

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, 16 DE XULLO DE 2014

LUGAR: Sala de xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación

DATA: 16 de xullo de 2014

HORA DE COMEZO: 12:17 horas

HORA DE REMATE: 15:20 horas

ASISTENTES

Ricardo Cao Abad,

Óscar Cabeza Gras, director do SAI

José María Aguiar Paz

Andrés de Blas Varela

Jordi Delgado

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Ginés Nicolás Costa

Pilar Rodríguez Barro

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior
2. Informe da dirección dos SAI
3. Debate e aprobación se procedera de Tarifas dos SAI 2014 (Información no ficheiro adxunto)
4. Renovación de membros da Comisión de Usuarios dos SAI: procedemento de renovación.
5. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

O director e o vicerreitor piden desculpas pola prema da convocatoria, pensouse en retrasala, pero adiantouse para a aprobación das tarifas.

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Andrés de Blas propón unha pequena modificación na redacción dunha frase da acta anterior, por ser confusa. A modificación tense en conta es apróbase a acta por unanimidade.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

1. Nitróxeno líquido:

Cambiose o procedemento de xestión do nitróxeno líquido, para iso creouse unha nova dirección de e-mail, que xa se comunicou aos usuarios, para xestionar as petición de nitróxeno.

O obxectivo é ter un maior control nos consumos e advertir cando se excedan os 70 L/semestre (que non serán acumulables dun semestre a outro). Agora empezan a liquidarse os consumos do primeiro semestre.

O director espera que co novo sistema se mellore a xestión do nitróxeno líquido.

2. Persoal:

Hai 4 alumnos para facer as prácticas extra curriculares en diferentes unidades.

A técnico especialista Miriam Vieites, que está embarazada, pedirá unha baixa por perigosidade no posto de traballo antes da baixa de maternidade.

Na UAA solicitouse un técnico superior (TS), o director explica os problemas que se sucederon na execución das distintas listaxes de agarda e trata de explicar algunhas dúbidas que expresa o profesor Jordi Delgado. Miriam Rega ocupou a praza de TS e solicitou unha excedencia da súa praza de técnico especialista (TE). O contrato remata o 24/07 pero prolongará a excedencia ata setembro. En setembro volverase a executar a listaxe de para que Miriam volva a ocupar o posto de TS da UAA.

No 2015 vaise revisar a RPT e solicitarase unha praza de TS para a UAA, aínda que conseguila non vai ser doado. Jordi Delgado sinala que debe haber unha planificación clara das necesidades de persoal e o VIT di que esa planificación é a RPT. Jordi salienta que o problema do TS da UAA non se solucionou a tempo, aínda que xa se sabía a que o contrato de Susana Roch remataba en 4 anos, e por iso reclama a planificación das prazas.

O director di que vai pedir dúas prazas de TS, unha para UAA e outra para UCLA, e que parece ser que o Xerente propón mover prazas duns servizos a outros. Establécese un intercambio de opinión sobre as posibilidades hai para solucionar a situación de UAA, incluso recorrendo ao PDI.

A Xunta de Galicia prepara un plan para contratar tecnólogos nos servizos, será unha convocatoria aberta que se executará nos anos 2014 e 2015 e ao SAI corresponderalle unha praza.

Na convocatoria de Persoal Técnico de Apoio do MINECO solicitáronse 3 prazas, as dúas solicitudes que pasaron o corte quedaron na listaxe de agarda.

Finalmente, un dos auxiliares de servizo xubilouse e se está a espera da incorporación dun substituto.

3. Situación económica

Ata o momento, a facturación foi menor que a do ano 2013. Con relación ao número de mostras , se se comparan os datos dos primeiros semestres do 2013 e do 2014, diminuíron as A e as B, pero creceron as C. Este comportamento tamén se ve no número de ensaios.

O aumento no número de mostras C fai que o descenso na facturación sexa só duns 20.000 euros. Se espera que a facturación final chegue aos 550.000 euros.

Actualmente o presuposto está esgotado e soamente se farán os gastos xa comprometidos.

4. Equipamento:

O equipo de desorción térmica Turbomatrix está avariado e necesitaríase un novo instrumento, descartouse a opción do renting por falta de cartos.

O director presenta os equipos que se solicitaron na convocatoria de axudas de infraestrutura: un RMN para o CICA, e as renovacións dun IRMS para UTIA e do sector magnético da UTC. Pilar Rodríguez fai saber o interese do grupo de química física por un equipo de raman e un EPR e amosa á súa sorpresa pola compra dun novo RMN. Como representante do grupo de química física quere que conste a súa queixa sobre a compra dese novo RMN e que non se consultaran aos grupos ás súas necesidades.

Establécese un debate sobre o procedemento para decidir cómo se deben establecer as necesidades de equipamento do SAI.

Finalmente o director presenta o novo equipamento instalado: un DSC-TGA cedido pola Facultade de Ciencias e un porosímetro de mercurio cedido pola Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.

Punto 3º. DEBATE E APROBACIÓN SE PROCEDERA DE TARIFAS DOS SAI 2014

Hai cambios nas tarifas porque engadíronse novos ensaios e na unidade de bioloxía molecular modifícanse as tarifas porque se obtivo un aforro do 25% nos prezos dos reactivos.

Debátase sobre cal é a orde de aprobación das tarifas do SAI, comité técnico -> comisión de usuarios -> consello social ou comisión de usuarios -> comité técnico -> consello social, xa que a redacción do punto 9 do regulamento do SAI é ambiguo.

Modifícanse as tarifas dos cursos porque se engaden os descontos para colectivos vulnerables coma é habitual na administración.

O director do SAI explica que os cursos empezáronse a dar para cubrir as necesidades de formación do persoal do SAI, e abríronse ao público en xeral para obter financiamento, xa que dos ingresos á UDC queda con 13% e o resto é para o SAI. Andrés de Blas pide que se contemple a posibilidade de que os cursos do SAI tamén fosen de balde para o PDI e non soamente para o PAS e incluílos na acción social.

Punto 4º. RENOVACIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SAI: PROCEDIMIENTO DE RENOVACIÓN

Segundo o regulamento do SAI os representantes dos usuarios serán elixidos por un período máximo de catro anos, pero non especifica se son renovables e tampouco explica o procedemento de renovación nin de selección dos representantes. Proponse modificar o regulamento para engadir estes puntos.

Punto 5º. ROLDA DE INTERVENCIÓNS

Jordi Delgado fai unha exposición sobre a solicitude de inscrición de ECAH da Universidade da Coruña e pregunta cal é o estado do procedemento. Ábrese un debate sobre o tema, que se tratará de solucionar.

Andrés de Blas comenta que o funcionamento do equipamento de monocristal non lle da unha boa resposta ás súas necesidades de investigación e pide unha solución dentro da propia UDC. O director do SAI comenta que se fixo un esforzo en formación e en mellorar as prestacións do servizo, que é consciente de que pode seguir habendo problemas aínda que outros usuarios están satisfeitos. Ábrese un debate sobre os procedementos técnicos desta determinación.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión da Comisión de Usuarios sendo as 15:20 horas do 16 de xullo de 2014.

A secretaria

Visto e prace, O Presidente

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Ricardo Cao Abad